



## BASES DO ENTROIDO DE ALFOZ 2026

O Entroido de Alfoz celebrarase o día luns 16 de febreiro de 2026, no pavillón municipal de Alfoz. O cumprimento das presentes bases é condición indispensable para a participación no desfile e no concurso de disfraces.

As inscricións serán de xeito presencial o día do desfile a partir das 19:30 e ata as 21:00 horas. Para a inscrición dos grupos precisarase un representante legal por cada grupo, que será o responsable de dito grupo. No caso da categoría infantil será necesario un titor legal.

Para a inscrición será necesario: nome completo do representante; DNI, pasaporte ou tarxeta de residente do representante; número de teléfono, e diversos datos do grupo que participa.

Os participantes que non leven o dorsal correspondente non serán puntuados para o concurso. Cada participante será responsable dos posibles danos ocasionados a terceiros.

Por ser un acto para todos os públicos, non se permitirán representacións obscenas que podan ferir a sensibilidade dos espectadores, quedando descalificados do concurso. Tamén quedarán descalificados aqueles concursantes que, levando animais, os maltraten.

As categorías do concurso serán individual, parellas (dúas persoas) e grupos (3 ou máis) tanto en infantil coma en adulto. Haberá unha categoría extra para comparsas e charangas.

A categoría infantil comprende idades ata os 15 anos (inclusive). As parellas infantís deberán estar formadas por dous menores de 15 anos. No caso de grupos, consideraranse da categoría infantil cando máis do 50% dos integrantes non superen os 15 anos.

Serán consideradas charangas, aqueles grupos que consten de 8 ou máis integrantes, que empreguen instrumentos reais (máis do 50% dos integrantes) e, opcionalmente, corpo de baile.

Serán consideradas comparsas, aqueles grupos que consten de 8 ou máis integrantes, con instrumentos de percusión, turutas e corpo de baile.

As persoas que desexen desfilar con música en concreto deberán aportala no momento da inscrición.



ASOCIACIÓN  
CULTURAL  
XUVENIL  
O CASTELO

ALFOZ

C.I.F. G-27.105.816

A SEARA S/N 27773 ALFOZ-LUGO

O xurado estará designado pola organización e puntuará as actuacións en base a diferentes criterios, podendo quedar premios en deserto.

A organización reservase o dereito de cambiar o horario ou a suspender o evento por causas de forza maior. Resérvase tamén o dereito a dar os premios dunha categoría noutra, sempre e cando eses premios quedasen desertos por non haber participantes dabondo na categoría inicial. Por último, reservase o dereito a cambiar o xurado por causa de falta de asistencia dos mesmos.

Todos os concursantes premiados deberán asinar unha acreditación de recollida do premio. No caso dos premios infantís, un representante maior de idade deberá acompañar ao participante na recollida de dito premio.

Os premios deberán ser recollidos polos propios participantes e no caso de grupos, comparsas ou charangas deberan estar presentes máis do 50% dos integrantes.

A participación no desfile e no concurso de disfraces supón a aceptación das presentes bases.



PREMIOS DO CONCURSO:

**Infantil**

Individual:	Parellas:	Grupos
1º Premio – 40€	1º Premio – 60€	1º Premio – 90€
2º Premio – 30€	2º Premio – 50€	2º Premio – 70€
3º Premio – 20€	3º Premio – 40€	3º Premio – 50€

**Adulto**

Individual:	Parellas:	Grupos:
1º Premio – 60€	1º Premio – 90€	1º Premio – 150€
2º Premio – 50€	2º Premio – 70€	2º Premio – 100€
3º Premio – 30€	3º Premio – 50€	3º Premio – 70€

**Comparsas e Charangas**

- 1º Premio – 300€
- 2º Premio – 250€
- 3º Premio – 200€